



Balanzo do “Acordo para a Mellora do Crecemento e do Emprego” (asinado por CCOO, UGT, CEOE, e goberno)



Medidas que favorecen á clase traballadora

Medidas sen repercusión na cantidade ou na calidade do emprego

Medidas que favorecen ás empresas

1. Medidas para promover a contratación indefinida

- Abaratamento do despido, coa ampliación da vixencia e dos colectivos aos que se pode aplicar o contrato indefinido co despido de 33 días/ano.
- Incrementos das subvencións á contratación sen contrapartidas
- Redución das cotizacións empresariais ao Fogasa (do 0,4% pasa ao 0,2%) e ao Desemprego (do 6% pasa ao 5,5%), así como das cotizacións ao Desemprego das ETT (do 7,7% pasa ao 6,6%)

2. Medidas para reducir o abuso da contratación temporal e da subcontratación irregular

- Deriva á negociación colectiva a loita para limitar o encadeamento de contratos temporais por distintos traballadores/as para un mesmo posto de traballo.
- Introdución de dereitos de información á representación laboral da empresa principal respecto dos datos, situación e actividade do persoal das empresas subcontratadas.
- Incorpora ao Estatuto dos/as Traballadores/as a definición de “cesión ilegal” de traballadores/as xa reiterada pola xurisprudencia
- Incrementa o plantel da Inspección de Traballo.
- Crea un novo órgano consultivo da Inspección de Traballo con presenza de patronais e sindicatos.

- Legalización do encadeamento de contratos temporais sucesivos ata 24 meses en períodos de 30 co/a mesmo/a traballador/a.

3. Medidas para incrementar a protección de quen perde ou non atopa traballo

- Flexibiliza os requisitos para o acceso ás prestacións por desemprego a fixos discontinuos en dous supostos: maiores de 45 anos sen responsabilidades familiares (subsídio de 6 meses) e na recuperación dunha prestación anterior non agotada (dereito de opción)
- Incrementa os topes garantidos polo FOGASA para salarios pendentes e para indemnizacións.

- Consolida a Renda de Inserción Activa como prestación (deixa de ser un programa anual renovable)

- Traspasa ao FOGASA a garantía das indemnizacións por: despido derivado de ineptitude ou de inadaptación do/a traballador/a; fin de contratos temporais; conciliacións xudiciais.

4. Políticas activas de emprego

- Modernizar o INEM e demais Servizos Públicos de Emprego
- Constituír comisións de estudo para novas propostas de futuro.

Como se pode observar no cadro, o balanço desta nova reforma laboral cae absolutamente do lado das empresas e da patronal, que son unha vez máis as auténticas beneficiadas dun Pacto Social.

O conxunto de medidas que favorecen directamente ás empresas teñen un impacto económico evidente e directo, incrementando os seus ingresos vía subvención, diminuíndo os seus gastos vía redución de cotizacións, e diminuíndo igualmente as súas responsabilidades económicas respecto de salarios e indemnizacións das que se farán cargo os Fondos Públicos a través de Fogasa.

De forma moi especial favorécese o impulso da actividade das empresas de traballo temporal (ETT) ao diminuír tamén as súas cotizacións sociais, así como a concatenación da contratación temporal para un mesmo posto de traballo, pola mesma ou distinta persoa, ao non dispoñer de medidas reais e eficaces para poñer freo ao seu abuso.

Non existe por outra parte neste pacto a valentía de meter man de verdade na lacra da subcontratación sucesiva, no baile de contratos entre empresas dun mesmo empresario ou na taxa de temporalidade admisible.

Pola contra, todas as medidas que se presentan como positivas polos asinantes non son máis ca un “brindis ao sol” xa que non teñen eficacia directa, non recoñecen novos dereitos, non garanten máis contratos, ou máis renda, ou máis protección, como se observa con claridade no cadro-resumo.

Ao mesmo tempo, os sindicatos que unha vez máis subscriben unha reforma favorable ás patronais se garantizan para sí mesmos a creación e a presenza exclusiva en máis e máis comisións e grupos de traballo para analizar a evolución destas medidas e para preparar novas propostas de futuro... das que non podemos esperar nada bo.

En definitiva, unha nova oportunidade perdida de conquistar máis dereitos, máis estabilidade e máis dignidade.

Unha nova negociación de costas á clase traballadora

Nun novo capítulo das reformas laborais negociadas e pactadas de costas á clase traballadora, sen información nin participación ningunha por parte dos colectivos aos que teoricamente se pretende regular, o Acordo para a Mellora do Crecemento e o Emprego que veñen de subscribir o Goberno estatal, a Patronal e os sindicatos CCOO e UGT representa por encima de todo o triunfo dun modelo económico radicalmente neoliberal e a preponderancia das posicións negociadoras dunha patronal que consegue impor a lóxica dos seus intereses máis descarnados: a precariedade, a fraude, a inseguridade, o dumping salarial, a desprofesionalización, etc.

Baixo uns titulares enganosos que queren vender e invitar ao optimismo, o contido deste Acordo de Reforma Laboral só incorpora en realidade medidas que fortalecen a posición das empresas que basean o seu negocio e a súa produtividade no mantemento da precariedade en calquera dos seus formatos: a contratación temporal sucesiva, a subcontratación irregular, o mercado das ETT e do prestamismo laboral, a contratación parcial para actividade de xornada completa, etc.

Non hai nada que ofrezca a traballadores e traballadoras máis emprego, máis profesión, máis ingresos, ou máis protección, en cantidades e calidades apreciáveis. O obxectivo máis visible desta reforma é a transferencia de enormes recursos económicos á patronal para convencela de que contrate máis e mellor, nunha vía que se demostrou fracasada nos anos anteriores.

A loita contra a precariedade por tanto segue estando despois deste Acordo no mesmo lugar no que estaba: na negociación colectiva, na acción sindical a pé de obra, na denuncia permanente, e no esforzo solidario da clase traballadora. Non temos con este Acordo ningún novo respaldo legal nin institucional para esa tarefa, e sen embargo temos unha patronal aínda máis fortalecida.



NON
á nova
**CONTRARREFORMA
LABORAL E SOCIAL**



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com